



Número de resolución: 071/071/C/3  
Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013  
Páxina 1 de 2

CONCELLO DE PORTO DO SON  
Campo da Atalaia, s/n  
15970 – PORTO DO SON  
Nº de Identificación: C071071



**RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN DO CANON DE SANEAMENTO DO EXERCICIO 2007, 2008 e 2009.**

**I. ANTECEDENTES**

1. En data 22 de febreiro de 2013 o persoal inspector persoase no Concello para a sinatura da acta, comparecendo o Alcalde e negándose a asinala acta, polo que foi formalizada a disconformidade e notificada ao Concello na mesma data mediante a súa presentación no rexistro do Concello, xunto co preceptivo informe ampliatorio e informe de estimación indirecta.
2. En data 23 de abril de 2013 o Concello de Porto do Son presenta un escrito polo que manifesta a súa conformidade coa liquidación proposta por Augas de Galicia na acta de disconformidade C071/071/I2.

**II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS**

**Primeira.-** Considerando que a competencia para ditar a liquidación derivada do presente procedemento corresponde ao Director do Ente Público Augas de Galicia, segundo o previsto no artigo 15 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia.

**Segunda.-** Considerando que de acordo co disposto no artigo 188 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das Actuacións e os Procedementos de Xestión e Inspección Tributaria e de Desenvolvemento das Normas Comúns dos Procedementos de Aplicación dos Tributos, cando o obrigado tributario se negue a subscribir a acta, a subscriba pero non preste a súa conformidade ás propostas de regularización e de liquidación contidas na acta ou non compareza na data sinalada para a sinatura das actas, formalizárase unha acta de disconformidade, na que se fará constar o dereito do obrigado tributario a presentar as alegacións que considere oportunas dentro do prazo dos 15 días, contados a partir do día seguinte ao da data na que se producise a negativa a subscribir, se subscribise ou, se non compareceu, se notificase a acta.

**Terceira.-** Considerando que o artigo 7.2 do Real Decreto 2063/2004, de 15 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral do Réxime Sancionador Tributario establece que se entenderá outorgada a conformidade cando o obrigado tributario que subscribiu unha acta de disconformidade manifeste expresamente a súa conformidade antes de que se dite o acto administrativo de liquidación.



Número de resolución: 071/071/C/3  
Santiago de Compostela, 25 de abril de 2013  
Páxina 2 de 2

Polo exposto, e tendo en conta que o interesado manifestou a súa conformidade coa proposta de regularización recollida na acta de desconformidade dentro do prazo de alegacións, procede confirmar a proposta de regularización e emitir a liquidación de acordo co seu contido e, así mesmo, entender outorgada a conformidade coa acta aos efectos legais oportunos, singularmente no relativo á redución do 30 % nas sancións impostas segundo os artigos 191 a 197 da Lei Xeral Tributaria e non, como así parece entenderse no escrito do concello, no importe a regularizar que non sofre ningún tipo de minoración ou redución.

**Cuarta.-** Considerando que o artigo 188 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, establece que unha vez recibidas as alegacións ou concluído o prazo para a súa presentación, o órgano competente para liquidar, á vista da acta, do informe e das alegacións no seu caso presentadas, ditará o acto administrativo que corresponda que deberá ser notificado.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 188 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo, na Disposición Transitoria primeira do Decreto 136/2012 e no artigo 20.e) do Decreto 32/2012, o Director de Augas de Galicia dita a seguinte

### RESOLUCIÓN

1. Liquidar ao Concello de Porto do Son a cantidade de 174.379,67 € derivada do procedemento de inspección tributaria en concepto de canon de saneamento pola que se regularizan os exercicios 2007, 2008 e 2009, correspondendo 145.069,36 € en concepto de canon de saneamento e 29.310,31 € en concepto de xuros de demora.
2. A presente resolución acompáñase da liquidación número 071/071/C/005 que ten a consideración de definitiva ao abeiro do disposto no artigo 101 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e do artigo 190 do Real Decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Contra esta resolución pode interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o Director de Augas de Galicia ou ben reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería Facenda), no prazo dun mes a partir do día seguinte á presente notificación.

En calquera dos casos anteriores o escrito de interposición dirixirase ao Director de Augas de Galicia.

Ademais de calquera outro recurso que se teña por conveniente, entre os previstos na vixente lexislación.

O director de Augas de Galicia

Asdo.: Francisco Menéndez Iglesias

